

Materia/Área	RELIXIÓN CATÓLICA		
Profesor/a	M ^a BEATRIZ FERREIRA COUTO		
Curso e grupo	2ºESO		

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación fixados non han de ser medidos de forma mecánica , senón con flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumno, o curso no que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades.

Os instrumentos empregados para avaliar son:

- Tarefa efectuada na aula: manexo da Biblia, caderno, actividades, participación.
- Actitude cara ós compañeiros, a materia e ó grupo en xeral.
- Traballos sobre temas propostos pola profesora.
- Probas orais e ou escritas.

Recuperación: aqueles alumnos que non dean acadados os obxectivos que constan na programación, presentarán o caderno de aula ou tema monográfico correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

40% Caderno coas tarefas realizadas na clase.

30% Traballos propostos pola profesora, probas orais e ou escritas.

30% Comportamento e actitude cara ós compañeiros, profesora e materia.

MÍNIMOS:

Os mínimos para obter unha avaliación positiva son:

- Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións.
- Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus, salvador encarnado entre os homes, mediante o coñecemento e a análise da súa mensaxe, a súa vida e a súa presenza polo Espírito Santo.
- Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo, e o carácter celebrativo de cada un dos sacramentos.
- Descubrir os fundamentos racionais e revelados que xustifican a ensinanza moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo, con outros e consigo mesmo, cos outros e co mundo.

- A realización das tarefas da clase, tanto os exercicios do libro como as fichas e textos de comprensión.
- Comportamento respectuoso cara ós compañeiros, materia e profesora.
- Manexo correcto da Biblia.